



BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL DE DATA 22.03.2018.

Na sala de xuntas da sede do Concello de pontevedra, sita na rúa Michelena 30, sendo as 19:10 horas do día indicado, reúnen-se as persoas que se sinalan a continuación, baixo a presidencia que se indica, co fin de proceder a celebración da sesión segundo a orde do día previamente notificada.

- Presidencia: D^a María Carmen da Silva Méndez (Vicepresidenta)
- AEMPE: Hermenegildo Rodríguez Novoa (cuxa asistencia foi comunicada previamente por D. José María Corujo Seguido; retírase da reunión as 20,14 horas)
- Cámara oficial de comercio, industria e navegación: D. Eduardo Miguel Barros Pereira
- Fundación Galicia obra social: Carlota Sánchez Montaña (cuxa asistencia foi anunciada previamente pola entidade, retírase da reunión ás 20.25 horas)
- Grupo municipal BNG: D^a Anabel Gulías Torreiro
- Grupo municipal PP: D. Cesar Alberto Abal González (incorpórase a sesión ás 19,23 horas e retírase ás 20,10 horas)
- Grupo municipal PsdG-PSOE: D^a Paloma Castro Rey
- Grupo municipal MaPo: D. Luis Rei Núñez
- Grupo municipal Mixto (C`s): D. Gregorio Revenga Portela
- Xefatura territorial de Pontevedra (Consellería de economía, emprego e industria): non asiste representante
- Vicereitorado da Universidade de Vigo: D. Juan Manuel Corbacho Valencia
- Federación da AAVV Castelao: non asiste representante
- Confederación intersindical galega (CIG): D. Marcos Conde Farto
- Unión xeral de traballadores (UXT): D. Xoan Ramón Vidal Trillo
- Comisións obreiras (CCOO): non asiste representante
- Fundación para a discapacidade e emprego Juan XXIII: D^a María Carmen Puga Pereiro (retírase da reunión ás 20.25 horas)
- Asociación xóvenes empresarios (AJE): D. Pablo Fernández López
- Asiste tamén como ponente do punto segundo D. Pedro Figueroa
- Secretaria: María del Mar Lamoso Varela

Comprobada a existencia de quórum suficiente comézase a sesión

1.- Aprobación do borrador da acta da sesión extraordinaria de 22/11/2017

Pola secretaria indícase que se enviou polo Sr. Conde Farto unha corrección respecto da súa intervención no punto 4, que é aceptada por todos os presentes de xeito que onde pon:

“Respecto da privatización lembra o Sr. Conde Farto o documento de 100 medidas propostas pola CIG en canto aos servizos públicos, xa entregado con anterioridade, mais, continúa, non se pode obviar a lexislación estatal, trátase dun problema que require de análise na súa globalidade.”

debe poñer:

“Respecto da privatización lembra o Sr. Conde Farto o documento de 100 medidas propostas pola CIG en canto aos servizos públicos, xa entregado con anterioridade, mais, continúa, non se pode criticar aquí o que se da por bó en mesas de negociación co goberno en Madrid, trátase dun problema que require de análise na súa globalidade.”

O texto do borrador da acta coa modificación incorporada resulta aprobada por unanimidade de todos os presentes.





2.- Observatorio 2016 e presentación das liñas do 2017 a cargo do Pedro Figueroa.

O Sr. Pedro Figueroa explica polo miúdo o estudo realizado "Observatorio urbano de Pontevedra. Informe socioeconómico" entregado a finais de decembro. Indica que no estudo recolleron as achegas dos distintos axentes sociais e intentaron atender as demandas de todos nalgún caso pedindo información adicional, que non está dispoñible e que supuxo facer algunha xestión adicional. Remata a súa exposición mostrando o seu agradecemento ao CES materializado a través do Concello de Pontevedra e incide en que esa información é moi útil para os axentes, en tanto que indica cales son as tendencias, e non é unha información da que dispoña outra cidade e propón aos membros do CES que de cara ao informe do 2017 que propoñan as incorporacións que estimen oportunas.

O Sr. Pedro Figueroa abandona a sesión.

Intervén a Sra. Gulías para indicar que se está a traballar no observatorio do 2017 que o concello segue apostando polo observatorio cos mesmos recursos que se veñen destinando dende fai case dous anos porque se intenta que sexa unha ferramenta útil. O estudo enviouse o día seguinte a rolda de prensa e colgouse tamén na sede electrónica para que todo o mundo tivera acceso ao seu contido, podendo solicitalo en papel quen así o quixera no propio Concello. A Sra. Gulías agradece as achegas e anima aos membros do CES a que o continúen facendo.

Intervén o Sr. Abal para indicar que considera que esta información debe tender a beber máis de fontes primarias, non de fontes secundarias na medida do posible, e que acabe nunha recomendación por parte do equipo que poidan servir, por exemplo, de axuda as persoas que queren montar un negocio, que saiban cales teñen posibilidades de éxito e cales non.

Sra. Anabel indica que iso sería unha seguinte fase e require unha maior asignación de recursos e considera que para certos indicadores é preciso beber de fontes secundarias aínda que as primarias teñan sentido en certos apartados.

Ambos intervinientes coinciden en que pode ser interesante de cara o futuro facer unha análise por sectores concretos que se trasladará pola Sra. Gulías ao Sr. Figueroa.

3.- Estado dos Fondos de Desenvolvemento Urbano Sostible Integrado (DUSI)

A Sra. Da Silva indica que este punto engádese de xeito habitual na orde do día porque o CES foi unha das entidades de participación na que se deu a coñecer a estratexia do Concello de Pontevedra, que conta cunha parte importante de participación.

Lamenta non poder dar conta de novidades pois descoñece os motivos da lentitude do Ministerio (exemplifica este aspecto coas datas das múltiples correccións solicitadas e remitidas respecto do manual de procedementos)

Indica que o Concello ten actuacións incluídas dentro da estratexia DUSI executadas que poderán ser financiadas unha vez sexan autorizadas e tamén licitadas, pero polo de agora fanse con cargo a fondos do concello ata que o Ministerio as autorice e se poidan financiar con cargo a estes fondos.

Intervenien o Sr. Revenga e o Sr. Abal para pedir aclaracións respecto do modelo Mais Modelo e a execución da estratexia repectivamente que son contestadas de seguido pola Sra. Da Silva e debaten amplamente sobre este asunto.

Intervén así mesmo o Sr. Rei para indicar que nunha reunión anterior do CES se preguntou por varios membros que sucedería no caso de que non chegase o financiamento e díxoselles que sen financiamento non se pode iniciar ningunha obra polo que entende que non se poden executar as obras incluídas nesta estratexia en tanto non cheguen os fondos. Solicita así mesmo que se entregue ao CES unha relación concreta de cada unha das obras incluídas na estratexia ao que a Sra. Da Silva contesta que cando se reincorporen das vacacións os funcionarios que traballan na xestión desta estratexia remitirase unha relación por correo electrónico co contido solicitado tendo presente que está suxeita a cambios polo propio ministerio.

Debátese amplamente entre os membros do consello sobre a posibilidade de financiar ou non as obras incluídas na estratexia con cargo aos orzamentos municipais.

4.- Rogos e preguntas

Solicita o Sr. Vidal que si se produce algún cambio importante que se dea traslado ao CES

O Sr. Fernández intervén para agradecer a invitación do CES á AJE para participar e para valorar a





utilidade do observatorio que mostra tanto as fortalezas como as debilidades. Considera oportuna dotalo para a segunda fase de conclusións que se comentou.

A Sra. Gulías intervén para pedir aos membros do CES que non adianten información do estudo a nivel público sen que pase previamente por este Consello, pois o observatorio, indica, é un instrumento útil para que todos o empreguen pero é un instrumento a disposición de toda a cidadanía. Aclara polo tanto que os datos que se poden empregar son os do 2016 e os do 2017 poderanse empregar cando estea o estudo completo e pase previamente polo CES

O Sr. Vidal intervén para solicitar que determinados servizos do Concello sexan rescatados e que non se liciten; indica que coñece as limitacións estatais pero que outras capitais de provincia están a comezar co rescate, que se non é total, é parcial, polo que considera que en Pontevedra se podería comezar.

O Sr. Rei súmase ao rogo e engade que considera que se hai vontade política eses atrancos non impiden ir ao rescate e que esta lexislación é recente e que o goberno municipal leva moitos anos gobernando na cidade, que hai exemplos concretos como o do rescate da grúa que se di que non é posible invocando esa lei e a subrogación de postos de traballo en cambio cando dende o Ministerio se presentan requirimentos a este Concello para que peche unha empresa como Terras de Pontevedra porque non e viable economicamente, non se pecha.

A Sra. Castro súmase ao rogo do Sr. Vidal ao considerar que en Pontevedra se dan as condicións axeitadas ou cando menos que se faga un estudo sobre a viabilidade do rescate.

O Sr. Conde intervén para indicar que se alegra de que nesa reunión todo o mundo, incluso entrando en contradición con outros foros, apoie a recuperación de servizos público e que a CIG xa o ten feito.

A Sra. Da Silva indica que non é en exclusiva a "lei montoro" a que o impide, que hai multitude de trabas e lexislación de carácter laboral e dependente exclusivamente do estado que é a que está construída para facilitar e promover a xestión indirecta e privada de moitos servizos públicos, non só do concello se non tamén da Xunta e do Estado. Destaca que as administracións con mais xestión indirecta son a estatal e a autonómica

Anima a todas as forzas políticas que tendo maioría no Congreso dos Diputados revoquen toda a lexislación que neste momento pesa sobre a administración local, a única sen capacidade lexislativa, para poder rescatar servizos ou manter en xestión directa moitos deles. Considera que entre as forzas políticas que neste concello se teñen manifestado neste concello algunha vez a favor disto habería maioría suficiente no Congreso como para que se revoque a lexislación vixente, así como moita lexislación laboral que foi pactada a espaldas do interese dos traballadores e traballadoras de Galicia e da administración galega.

E sen máis asuntos que tratar, pola Presidencia dase por levantada a sesión, sendo as 20:35 horas do día indicado.

